

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 9 DE  
FEBREIRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día nove de febreiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2007**

Visto o expediente incoado no seu día.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de data 30 de decembro de 2008.

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 5 de febreiro actual que se transcribe literalmente a continuación:

“Cumprimentado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do orzamento de 2007, dende o día 8 ao 24 de xaneiro de 2009, ambos inclusive, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 4 do día 7 de xaneiro de 2009, e durante os oito seguintes, e non presentándose reclamación ningunha, procede elevar ao Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas celebrada o día 30 de decembro de 2008, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio de 2007 e rendila ante o Consello de Contas e o Tribunal de Contas de conformidade co establecido no artigo 223 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, manifesta que hoxe se atopan fronte a un documento que non é elaborado polos políticos, senón que se elabora integramente pola Intervención Municipal, pero que é un documento que é obrigatorio para todos os concellos.

Di que este documento reflicte a contabilidade municipal, aínda que non sexa iso o que está suxeito a votación. O obxecto da votación é unicamente aprobar ese informe de carácter técnico, non entrar na análise das contas. Non obstante di que hai elementos positivos nesas contas que si lle gustaría destacar, e que son os niveis de liquidez e de solvencia do concello. Tamén hai elementos en contra, que non vai a esconder, e que pensa que poden ser mellorables.

Sinala que os elementos de solvencia, como indica Intervención, están en que teñen un grao de autonomía cercano ao 90% en canto ao que sería o autofinanciamento, e tamén teñen un grao moi importante de autonomía fiscal, dun 42%. Igualmente teñen un índice de solvencia do 166%, e teñen unha solvencia a curto prazo tamén moi elevada do 237%.

Di que a mensaxe que quere lanzar con eses datos e que este concello terá os seus defectos, pero o que non ten é ningún temor, nin situación de quebra ou falta de solvencia. Hoxe en día, podense ver imaxes no telexornal de veciños aos que lles custa cobrar as facturas aos seus concellos, esa é unha imaxe que en Cambre non se vai a dar. Cambre é un concello que pode facer fronte a todas as súas obrigas, ten liquidez e ten solvencia. Nese sentido pensa que deben alegrarse.

Continúa dicindo que o punto débil, ao seu xuízo, o aspecto no que o equipo de goberno cre que se debe de traballar, é no tema das facturas con reparos, esas facturas que teñen que ser

aprobadas incumprindo algún dos requisitos dos procedementos administrativos. Nese sentido a conta xeral que traen a aprobación, na que hai parte da xestión do anterior goberno onde estaba o BNG como socio de goberno, xa avanzou. Os índices de reparos son inferiores nesta conta xeral que na anterior. Pensan que debe continuar nesa liña, mellorando todo procedemento administrativo e tentando que esa partida, que aparece en todos os concellos, sexa cal sexa a súa cor política, sexa cada vez inferior e máis reducida.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo, ademais de non compartir para nada a versión tan positiva que fai o concelleiro de Facenda, o que queren poñer de manifesto é que de todas as obras, de todo o orzamento de investimentos que había previsto para o ano 2007, quedou sen executar case o 40%, e a metade dese ano ocupouna o actual goberno. Isto quere dicir que de todas as obras que estaban previstas no orzamento de investimentos, só se executaron dúas, polo que houbo un remanente de 800.000 euros que non se gastaron en obras moi necesarias para os veciños de Cambre, como a rede de sumidoiros, ou as beirarrúas, unhas beirarrúas como as de Pravio que se prometeron cando se aprobaron eses orzamentos e que non se terminaron de facer ata fai moi pouco.

O que a conta xeral lles indica é que o goberno local foi incapaz de realizar uns orzamentos cribles, que hai unha falta de compromiso evidente cos veciños, porque non foron capaces de cumprir con eles, e que foron totalmente incompetentes para cumprir coas súas obrigas fundamentais, que son gastar os orzamentos e executar as obras comprometidas.

Di que a eles só lles queda por preguntar, e pedir que lles expliquen aos veciños, que van facer cos 4 millóns do Fondo de Investimento Estatal, se non son capaces de executar o orzamento interno do concello, como se van a gastar os 4 millóns, que son un investimento moito maior.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que cada quen ten a súa maneira de interpretar as cousas, e ás veces os mesmos datos, segundo o que cada un teña na cabeza, lévaos a un sitio ou a outro.

Di que para eles o que ten de importante a análise da conta xeral, a grandes rasgos, é que debería dar pé a unha reflexión profunda, sobre todo por parte de quen goberna, porque hai unha serie de indicadores que son importantes para mirar cara ao futuro, e fundamentalmente é unha responsabilidade de quen goberna tomar nota deles, sabelos interpretar, e comezar a pensar que nos orzamentos dos vindeiros anos, e non só nos deste porque esteamos nunha situación de crise, haberá que comezar a dar unha serie de cambios

para que esa economía, que como dixo o Sr. Salcines non está en grave risco, si que apunta cousas que ou se modifican ou poden chegar a unha situación de profundo desequilibrio nun prazo de anos.

Di que pensan que o goberno debería recoñecer que foi incapaz de executar todas as previsións orzamentarias que había, non só do 2007, senón algunhas que se herdaban de anos anteriores, ou que nalgún dos casos foron executadas con moito máis atraso que o inicialmente previsto. Supoñen que iso para quen goberna non debería ser motivo de satisfacción. El pensa que se constata unha cuestión que é anterior á crise, que é unha baixada importante de determinados ingresos, e que lles debería facer pensar en que hai que comezar a priorizar as cousas nas que se vai a gastar, que non se pode estar sempre nunha permanente alegría crendo que aquí se pode con todo, senón que haberá que comezar a reducir nalgunhas cousas menos importantes, ou que son supérfluas, e centrarse nas cousas que realmente lle interesan á xente.

Di que hai unha cousa na que non está de acordo co Sr. Salcines, que é que o debate da conta sexa un debate unicamente sobre un informe que elaboran os técnicos. El xa comentou nalgunha ocasión que o debate dos orzamentos é importante, pero que non deixa de ser un debate sobre propostas ou sobre un proxecto de como se vai a gobernar no seguinte exercicio, e pola contra, o debate sobre o peche dunha conta xeral é o que permite valorar de que se é e de que non se é capaz á hora de facer o goberno.

Pensan que aquí hai unha serie de cuestións que son preocupantes se non se toman as medidas e decisións adecuadas, pero tamén son conscientes de que o acto que se fai hoxe é aprobar a presentación da conta, e non se trata de avalar a xestión ou a execución de goberno sobre o diñeiro público de Cambre. Polo tanto, o seu voto vai ser favorable, como foi na comisión, pero apuntando toda esa serie de cuestións críticas que queren que queden como unha chamada a quen ten a responsabilidade de gobernar, para que comecen a encaixar a xestión das contas do concello, de xeito que non só para esta época de crise, senón para o futuro se vaia enfocando unha estrutura orzamentaria e unha estrutura na xestión do gasto máis moderna, adecuada e que estea máis en relación coas necesidades da xente.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo o que vai facer é reafirmarse no que dixeron na Comisión Especial de Contas, e sobre todo nos reparos que poñía Intervención, sobre todo respecto de diversas contratacións de servizos do concello que non se están facendo, como é, por exemplo, o caso da subministración do gasoil. Todo iso para que haxa unha maior transparencia na

xestión, e para que as diversas empresas do concello e de fóra do concello poidan participar en todos eses procesos.

Conclúe dicindo que, en todo caso, como xa se dixo, o que veñen a facer hoxe é aprobar a conta do ano 2007, e tendo en conta que o seu grupo comezou a formar parte da corporación no mes de xullo do mesmo ano, non participaron neses investimentos, nin na execución deses orzamentos, e por iso o seu grupo vaise abster.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que para non repetirse cos demais grupos porque basicamente son os mesmos argumentos, ou sexa, o nivel de execución e os temas de contratación, di que vai manter o voto que tivo na comisión, que foi a abstención.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, manifesta que a conta xeral pon de manifesto a situación real, e efectivamente hai cousas mellorables. Eles están contentos co resultado pero saben que hai que mellorar. O Sr. Iglesias ten razón en que hai indicadores que advirten, e a situación económica existente tamén se deixa ver no concello, e sobre iso haberá que actuar. Agardan que no documento dos próximos orzamentos que van a presentar se vexa a súa intención, e se vexa o inicio de políticas de axuste importantes que permitan manter o nivel de benestar dos cidadáns, a base de reducir o gasto corrente.

Por outra parte, ao concelleiro do PP dille que claro que fan falta moitos máis investimentos en Cambre. Faría falta que eles gastaran todo, é verdade, pero tamén faría falta que cando o Partido Popular gobernou na Xunta tivera dado algo máis de 9 euros por veciño ao Concello de Cambre, porque se se analizan os investimentos autonómicos da etapa de goberno do Partido Popular vese que, por termo medio, andaban polos 200.000 euros. Pensa que Cambre merecía máis que iso.

Sometido a votación ordinaria, votan a prol cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os concelleiros do PSdeG-PSOE, don Francisco Javier Varela Tejedor e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Aprobar a conta xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercicio de 2007 e rendila ante o Consello de Contas e o Tribunal de Contas de conformidade co establecido

no artigo 223 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

**2º Aprobación inicial, se procede, do Regulamento do Banco de Tempo do Concello de Cambre**

O Sr. alcalde informa de que por Resolución de 6 de febreiro deixou sen efecto a convocatoria da Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá convocada para ditaminar, no día de hoxe, este asunto, iso motivado en que o expediente non estaba completo, polo que retira o asunto da orde do día para levar a cabo un estudo máis exhaustivo do citado regulamento, ante as dúbidas xurdidas co texto presentado.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia